Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Milagre en Monforte: Orixe da festa do santo Antonio

Como cada 13 de xuño, os monfortinos e devotos de moitos outros lugares celebran a festa do santo Antonio de Padua ou de Lisboa, un frade portugués do século XII con sona de excelente orador. Morreu novo, apenas 36 anos, en 1231 e ao ano seguinte xa foi canonizado. É avogoso para emparellar, crenza coa que ironizou Rosalía de Castro cando escribiu: *San Antonio bendito, dáme un home, anque me mate, anque me esfole*

No barrio de santo Antonio de Monforte de Lemos veñen celebrándolle a festa cada 13 de xuño desde, cando menos, principios do s. XIX.

Segundo conta Ricardo Rodríguez Vilariño de Barbeito en *Monforte, sus monumentos, leyendas y tradiciones* (1896) todo comezou no convento das Clarisas ou de Santa Clara, de Monforte de Lemos.


Di este cronista que a unha das abadesas do convento caéronlle no pozo da horta uns lentes e un chaveiro, e que por máis artimañas que intentaron non os lograron recuperar.

Foi entón cando unha das monxas tivo a gran ocorrencia. Colleu unha imaxe pequena do santo, atouna no extremo dunha corda e deixouna caer ata o fondo do pozo. Aos poucos tiraron de soga e, ou milagre!, o santo regresaba co obxecto perdido na man(a fonte non precisa se era un ou os dous obxectos afundidos).

A partir do día do milagre, as monxas comezaron a celebrar a santo Antonio, igual que os veciños, que desde entón, ano tras ano, fan festa no seu honor.

Hai que lembrar que o chamado **Responso de santo Antonio** (véxase anexo) é moi socorrido para tratar de

atopar cousas extraviadas.



Responso de Santo Antonio

Documento sonoro explicando os usos do Responso de Santo Antonio

Responso de Santo Antonio (outra versión)